



Ismael está escribindo un libro de poemas.


Unha noite preguntoulle a María se coñecía algunha referencia sobre as feridas. Transcrito con variacións mínimas, o seguinte diálogo é unha continuación desa conversa.

§ MARÍA: Mira esta frase de Bataille: «O desexo equivale á procura dun fin. Mentres que a procura dos medios adoita ser razoable, a procura dos fins acostuma a desafiar a razón». O interesante é que nesa pasaxe equipara o desexo á procura do poema. § ISMAEL: O poema como desafío á razón, o desexo como motor, gústame o concepto, moito. § MARÍA: Por outra banda, os gregos semellan dicir que a ferida no peito da muller (malia ser amazona) é diferente da ferida no pé dun home. § ISMAEL: Penso que todas as feridas son diferentes ao seu xeito. Pero eu busco o que teñen en común para falar da miña e comprendela. § MARÍA: E as cicatrices? Porque as cicatrices son a memoria das feridas, un dos xeitos nos que o corpo lembra. § ISMAEL: As cicatrices tamén. As cicatrices son un dos froitos da ferida. Mesmo os fillos somos cicatrices. § MARÍA: Baudelaire escribe: «son o coitelo e a ferida». § ISMAEL: Coincido con Baudelaire, se afirmando iso se refire a que temos feridas e podemos inflixilas, mesmo autoinfluxírnolas. Ou que, a fin de contas, rematamos por participar de todas e cada unha das nosas feridas, pero iso xa me dá que pensar. § MARÍA: Si, penso que se refire á incapacidade de discernir entre o corte e o obxecto que fai o corte. Porque a ferida en parte é unha incorporación do obxecto, incorpora ao interior un exterior. E Lacan argumenta que o suxeito non se estrutura desde a plenitude, senón desde a falta. A esa ferida chámalle «hiancia». [...] § MARÍA: Si, somos o que nos falta e «o amor é dar o que non temos». § ISMAEL: A ferida como falta, como punto sólido (e non) de partida está ben mesmo se tomamos como referente a ferida física. [...] § ISMAEL: Porque toda ferida física remata por trascenderse cara algo máis abstracto, quizais o seu nacemento? § MARÍA: É curioso; malia miña tendencia á linguaxe figurada, en todo momento interpretei que preguntabas pola ferida física.

§ ISMAEL: Tamén, pero o interesante da ferida física está na súa capacidade de trascendencia, na súa representatividade. § MARÍA: Pode representar algo o que doe até o mesmo límite do soportable? Non é a dor absoluta, xustamente, o irrepresentable? § ISMAEL: Quizais si poida representar a dor absoluta se entendemos a ferida aberta, no presente, no momento mesmo de se producir. § MARÍA: E non só. Está na mesma natureza da ferida reabrirse... O ensaio sobre a ferida estámolo escribindo nós. § ISMAEL: Mais cando a ferida reabre, esa dor xa é distinta da orixinal. § MARÍA: Non estou certa, debemos presupoñer que hai unha ferida orixinal, igual que sostemos que hai un primeiro amor? § ISMAEL: Penso que si, creo no irrepitible das feridas igual que no irrepitible dos amores; na idea orixinal da ferida, e na do amor. § MARÍA: O que denominamos orixe non é o primeiro, senón o que nos constitúe. Volver namorar, volver doerse. A orixe non é unha. Quero dicir que non é única (aínda que é fermoso que o sintamos así). [...] § MARÍA: Que che parece isto: «Os ocos son parte da natureza [...] Unha fenda é moi distinta. Unha fenda é unha creba na orde da natureza. É como cortarse cun coitelo, como rachar en dúas partes unha folla». J. M. Coetzee, *A infancia de Xesús*. § ISMAEL: Si é certo que a fenda racha con determinado estado das cousas, pero non penso que dita fenda caía fóra da orde da natureza, ó contrario, é parte imprescindible dese equilibrio o modificar a paisaxe. § MARÍA: Non penses na palabra, pensa na forma: el entende a fenda como o resultado dun desgarramento, nese sentido é algo que acontece. No entanto, os ocos están aí, aínda que tamén é certo que algunhas feridas non deixan marca. [...] § MARÍA: O talento de Coetzee non reside no seu uso das palabra (vs. Bernhard) senón no seu uso dos ocos que deixan as palabras. § ISMAEL: Serían entón os ocos como feridas/baleiros previos a calquera fenda? Nacemos, polo tanto, feridos? Nun lugar xa ferido? § MARÍA: Que pregunta tan bonita... Si, penso que non todas as feridas nos sobreveñen, senón que nacemos con elas (herdámolas?). No embigo, no mesmo centro do noso corpo, levamos a primeira ferida, a primeira lembranza corporal dun corte.

A FERIDA

ISMAEL RAMOS
MARÍA DO CEBREIRO



COMPOSTA EN CASLON 11,5/15PT
E ILUSTRADA POR X. CARLOS HIDALGO
CUN RETRATO E UN BOSQUEXO DE IANNIS XENAQUIS
NO TEMPO ANTES DO SOLSTICIO
DE INVERNO DE 2013